



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 12 - FEBREIRO - 06

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

AXUDAS DA PAC

Aberto o período de solicitude.

No DOGA do 14 de febreiro de 2006 saíu publicada a orde que regula as axudas da PAC para este ano.

Está aberto o prazo para a solicitude das axudas da PAC para o ano 2006, **o prazo remata o día 10 de marzo.**

XUNTAZAS

Reúnense as Xuntas Directivas

As xuntas directivas de OVICA e COVIGA mantiveron cadansúa xuntanza na tarde do día 13 de febreiro. Nestas dúas xuntanzas decidíronse as liñas de traballo para este primeiro semestre do ano 2006, incluíndo a campaña de rapa, actividades, convenios, proxectos, etc... Acordáronse, tamén, diversos aspectos referentes á situación dos traballadores e traballadoras, tanto de OVICA como de COVIGA.

SOLICITUDE DE AXUDAS:

OVICA solicitou varias axudas para distintos programas encamiñados a mellorar os aspectos sanitarios e productivos das explotacións asociadas.

ADSG.

OVICA tramitou a constitución e solicitude de axudas para as ADSG (Asociacións de Defensa Sanitaria Gandeira) de ovino-cabrún existentes en Galiza:

- Saniovicarnoia (Allariz, B. De Molgas, Maceda)
- Sanioviconso (Vilariño de Conso)
- Sanioviourense (Provincia de Ourense)
- Saniovilugo (Provincia de Lugo)
- Sanioviacoruña (Provincia de A Coruña)

Xestión Zotécnica.

Ten como obxectivo mellorar a eficacia reproductiva das explotacións asociadas a OVICA.

Cursos e Formación.

Solicitáronse axudas para realizar cursiños formativos para gandeiros/as de ovino-cabrún en diversas comarcas de todo o país.

Participación na feira Semana Verde de Galicia (Silleda)

Solicitáronse axudas para participar ó igual que nos anos anteriores na feira Semana Verde de Galicia (Silleda) con diversas actividades.



Nave prefabricada para explotacións de ovino.



RAZAS: Cabra branca andaluza.



Orixe: Andalucía.

Características: Alta rusticidade, aptitude cárnica.

Situación actual: Moi estendida ata os anos 80, nesta época foi desprazada polo as razas malagueña e murciano-granadina. Os cruzamento incontrolados con estas 2 razas danaron gravemente a xenética desta raza.



CAIXA RURAL GALEGA


COMPRA – VENTA

- Mércase rebaño de ovellas 608 186 123
- Véndense 15 cabras e 1 macho – Gervasio (Lugo) 982 16 06 93
- Véndese herba seca en rolos – Lorenzo (Outeiro de Rei - Lugo) 982 39 32 41
- Véndese 50 dereitos ovino-cabrún (Trasmiras - Ourense) 988 44 53 86
- Vende 37 ovellas con dereitos – (Paradela - Lugo) – 982 54 11 92
- Véndese rebaño de 80 ovellas con dereitos – (Xinzo de Limia) – 659 922 923
- Véndese rebaño de 120 ovellas con dereitos – (Baltar) Mariana - 988 46 67 62
- Véndese rebaño de 149 ovellas e 70 dereitos – (Rios - Ou) José Manuel – 619 185 033
- Véndense 6 cachorros de mastín – (Melide – A Coruña) Javier 610 503 323
- Cédense ou véndense 450 dereitos de ovino-cabrún. 679 890 628.
- Búscase traballador para explotación de ovino en O Saviñao – Lugo. 982 453 114

PREZOS OVINO – CABRÚN 2005.

Estudio de prezos medios en Galiza para no ano 2005 realizado por COVIGA:

Neste estudio calculáronse os prezos medios por unidade (años / cabritos) que se pagaron ós gandeiros e gandeiras durante o ano 2005. Para os cabritos considerase un animal de 5 a 7 kg/canal (limpo). O estudio reflexa a grande importancia de facer un control de partos para mellorar a rendibilidade da explotación.



ATENCIÓN !!!!!!!

Colocación de Bolos Ruminais.

En breve comezará a identificación electrónica dos animais nados despois de xullo do ano 2005.

O Subdirector Xeral de Gandería contactou con OVICA para pedir a colaboración dos gandeiros/as nesta posta en marcha do sistema de identificación. Ademais manifestou a disposición da conselleira a atender todas as suxestións relativas á implantación do sistema.

Nos rebaños máis grandes tratarase de facer a identificación conxuntamente co saneamento para evitar o dobre manexo.

VISITA

Industria transformadora de la.

Técnicos de OVICA desprazáronse a Villalón de Campos (Valladolid) para coñecer de primeira man o funcionamento do mercado da la.

Na visita recibiron información sobre os procesos de recollida, procesado e comercialización da la.

A empresa visitada foi Lanás Collantres S.L. que se adica á importación e exportación de la, no ano 2005 procesaron uns 5.000.000 de quilogramos.

NOVEDADES:

Chalecos de OVICA - COVIGA



Ovica e Coviga, coa intención de promocionar a súa imaxe, poñen á venda chalecos bordados cos logotipos de ambas entidades.

Se o desexas podes adquirilos nas tallas M, XL e XXL polo prezo de 23 € + gastos de envío.

